

# PEPE CARBALLUDE NO MIRAFLORES

No Club de adultas queremos facerlle unha homenaxe a Pepe Carballude, un dos primeiros autores en publicar títulos da denominada literatura xuvenil. A maioría das integrantes do Club xa lemos un ou dous libros do autor, así que decidimos que cadaquén seleccionase outro calquera dos libros do autor.



No IES Miraflores posuímos unha abondosa biblioteca cos títulos de Pepe Carballude, autor lido na materia de lingua galega durante varios cursos. É un autor que tivo moita relación co noso centro e non é a primeira vez que contamos coa súa colaboración. No curso 2014-2015 fixérase un roteiro co grupo de Diversificación que aquel curso lera o libro *Marxinados*. Nese roteiro foran acompañados polo propio autor, e polas profesoras **Rosa Vilariño** e **Concha Castro**. Este libro ten un gran interese para o noso centro xa que está localizado en Santa Cruz, no centro de menores, e nós temos alumnado procedente del.

No curso 2016-2017, a profesora **Isabel Rodríguez** organizou un club sobre o libro *Maldito DNI!* e mantiveron un encontro con el. A continuación reproducimos un resumo daquela actividade:

### Lembranzas dun encontro:

Cando comezou o curso 2016/2017, propuxen ás alumnas do club de lectura de 1º de bacharelato a lectura de *Maldito DNI!*, do autor estradense Xosé Carballude Blanco, Pepe Carballude.

Non foi produto da casualidade que eu pensara nunha das súas novelas. Por unha banda, o proxecto incluía a lectura dunha obra escrita en galego por un autor galego; por outra, integrada desde había tempo no grupo da biblioteca do IES Miraflores, tivera o pracer de ir coñecendo máis de preto ás compañeiras que formaban parte del, e entre elas, a Rosa García Vilariño. Souben da estreita relación persoal de Rosa co autor e da súa man coñecín un pouco máis sobre a obra do escritor, moitos de cuxos títulos alberga a nosa biblioteca.

De modo que no outono de 2016 comenteille a miña intención de ler unha das novelas de Pepe Carballude no club de lectura. Creo que na decisión final tivo moito que ver o título: a sigla “DNI” remitía a un mundo relativamente actual e o adxectivo “maldito” suxería un suceso cando menos contrario ás expectativas de alguén. Efectivamente, segundo avanzaban as peripecias de don Olimpo ían aumentando as garantías de que esta obra podería gustarlles tanto como a min a Ángela Busto, Ana Estévez, Tamara Rademacher e Tamara Monelos, as compoñentes do club de lectura. Cando lles anunciei o título, as súas caras ilumináronse. Coñecían ao autor, leran algún dos seus libros, pero non *Maldito DNI! Alea iacta est.*

Durante o primeiro trimestre comezamos por ler e comentar a súa autobiografía, publicada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG). Alí Pepe Carballude revela que na casa familiar non había libros nin enciclopedias, pero á hora de durmir, tanto el como os seus irmáns eran agasallados cunha chea de historias de lobos adoecidos, de pantasmas que volvían a este mundo ou de mouros gardiáns de tesouros fabulosos. “Coido que de aí predeu en min o meu gusto por fabular.”, —conclúe o autor—. Despois

fomos lendo e comentando os capítulos da novela semanalmente. Non nos levou moito tempo, pois a súa lectura resultoulles doada e pracenteira. As lectoras manifestaron sentir sorpresa e intriga, desacougo e perplexidade. E sobre todo, aseguraron rir moito lendo *Maldito DNI!* A ocorrencia do protagonista axitaba as súas neuronas adolescentes. Si, a literatura conmove.

Entón eu sentín a certeza dun desexo: poder contar coa presenza do autor no centro. Gustaríalle vir a falarnos de *Maldito DNI!*? Teríamos a sorte de poder contar con el? Poderíamos organizar un encontro co escritor? E a resposta do autor viaxou ao Miraflores na voz de Rosa: “Como non”.



**Ángela Busto de Armas, Ana Estévez Fernández, Tamara Rademacher Macía e Tamara Monelos Suárez, do club de lectura de 1º de Bacharelato**

Felices coa nova, puxémonos a traballar. Recordo que as catro lectoras estaban de acordo: o que máis lles gustaría sería manter un coloquio con Pepe Carballude sobre a novela que viñan de ler, sobre a súa obra en xeral e, se cabe, sobre aspectos descoñecidos da súa biografía. Xurdiron preguntas como estas: Inspirouse nalgunha situación real para crear ao protagonista? Tiña decidido o

final desde o comezo ou foi xurdindo segundo avanzaba na redacción da novela? Que temas lle interesan máis á hora de escribir? En que medida cre que a literatura xuvenil pode contribuír a que o coñecemento das tradicións non se perda entre os máis novos? Gustaríanos preservar as súas respostas no ámbito da nosa memoria.

Tamén preparamos unha pequena exposición cos libros do autor que tiñamos na biblioteca e reservamos os nosos exemplares da novela, pois seguramente teríamos a ocasión de pedirlle que nos deixara a súa sinatura neles. Estabamos preparadas para o encontro.

Por fin, o 31 de xaneiro de 2017 recibimos ao escritor Pepe Carballude no IES Miraflores. Foi para nós unha honra. Aquela tarde a literatura, a palabra e a humanidade do escritor encheron a atmosfera da nosa biblioteca. Hoxe, de novo, queremos darlle as grazas.


*Ler e compartir a lectura co seu creador é sempre un pracer*

*Grazas a todos por esta experiencia inesquecible*

**Isabel Rodríguez**

Estes son os comentarios das alumnas sobre o libro elixido MALDITO D N I !

Don Olimpio, o protagonista, desexa morrer oficialmente para poder vivir tranquilo os seus últimos anos, sen ter que dar conta ao fisco nin á xustiza. Quere ser feliz. E para conseguilo, decide facer chegar ao Rexistro Civil un certificado de defunción falso. Este punto de partida disparatado fai que Leonor, a súa muller, decida ocultar a verdade e axudalo co ánimo de que finalmente poida curarse.



As lendas e as tradicións galegas están moi presentes nesta divertida novela chea de misterio e sorpresas, adornados cun toque de loucura que fai rir a calquera que a lea: As ánimas viventes, a cultura da morte como alguén que convive connosco... Tamén os sentimentos, as emocións, as reflexións e a intriga. A intriga que vai apoderándose de nós cada vez máis rápido, pois esta novela algo ten de policial.

A retranca, esa habilidade para falar con segundas intencións á procura dunha graza intencionada, que nos caracteriza como galegos, é unha constante da obra. E o logro de facernos crer aos lectores que a tremenda tolaría na que estaba inmerso o protagonista era algo corrente, cotián, e sorprendernos

pensando que calquera de nós podería atoparse en semellante aventura na súa situación.

Pero se a lectura de *Maldito DNI!* nos regalou momentos moi prazenteiros, o verdadeiro agasallo foi coñecer a Pepe Carballude, o seu creador. Esperabamos a súa chegada con moita ilusión, a mesma coa que el nos visitou.

Concha Castro, a nosa Xefa de Estudos, presentou ao autor da novela.

Enseguida creou un ambiente acoledor e familiar.



Trouxo con el toda esa sabedoría que amosa a través dos seus libros e contestou con amabilidade ás nosas preguntas. visitamos a pequena exposición dos libros de Pepe Carballude que temos na biblioteca do instituto e el falounos sobre cada un deles.

Relatounos moitísimas historias que lle aconteceran ou que lle contaran na súa infancia e que inspiraran as outras, as literarias. Pero o máis sorprendente foi

descubrir o seu proceso de creación. El comeza os relatos a raíz dalgún feito que lle sorprende e escribe sen saber o que acontecerá despois. Parécenos como se el mesmo fose un lector que imaxina segundo vai lendo. Un proceso máxico co que non só desfrutamos nós, senón tamén o propio autor. Pepe Carballude regalounos a súa experiencia como autor e como persoa: a ficción, as lendas e a realidade fundíronse nas súas palabras.



O encontro con Pepe Carballude foi para nós como encontrarnos cun vello amigo. Grazas.

Este era tamén o proxecto para o Club de adultas do curso 20-19-2020: ter un encontro, estaba datado para abril, pero o Estado de alarma impediu a súa realización. Decidimos mantelo, para o curso 2020-2021 se as condicións o permitían.

As integrantes do Club de adultas do curso 2019-2020 durante o confinamento estiveron compartindo comentarios das lecturas realizadas.

## INVESTIGACIÓN 091.



1. **Elixín este libro** recomendado por outra asidua lectora de Pepe Carballude

2. **É unha obra de** intriga que rapidamente engancha e resulta moi entretida e doada de ler

3. **Trata** dunha investigación policial sobre unha banda dedicada ao narcotráfico que opera nunha pequena vila mariñeira das Rías Baixas galegas, enredada na vida do pobo e os seus políticos corruptos. Un policía faise pasar por profesor de instituto para introducirse nese mundo e poder investigar sen levantar sospeitas. Un

alumno enfermo que observa desde a súa ventá o que acontece na rúa e unha periodista local, coa que o investigador comeza unha historia amorosa, e que coñece as reviravoltas do poder completan o grupo que intentará desvelar a maraña criminal.

4. **Destaco do libro** que, sendo unha novela curta, é capaz de describir a vida dun pobo que resulta recoñecible e os caracteres complexos dos personaxes, que parecen cribles pero non predicibles. **Ana**





## MARXINADOS

Elixín este libro pola forza do seu título e máis cando souben que a historia alí narrada acontecía nun centro de menores.

Dunha maneira moi realista reflicte, por unha banda, a complicada vida de moitos menores que, vítimas dunha realidade que lles é totalmente allea (drogas, alcohol, pobreza, enfermidades, etc), son apartados ou postos á marxe do mundo no que viven e, por outra, a xenerosidade e entrega de persoas que están dispostas a sacrificar a súa comodidade por facer deste mundo e desta sociedade un lugar mellor.

Destacaría do libro, aparte da súa fácil e amena lectura, o reflexo que se fai dunha realidade moi dura pero sempre dende un punto de vista positivo e esperanzador, a pesar dos numerosos obstáculos que aparecen polo camiño no día a día. **Ana**

## S.O.S.

Cando en decembro de 1987 comezaba eu a miña andaina profesional en Carballo, no IES Alfredo Brañas, sucedeu unha das máis grandes catástrofes da Costa da Morte: o afundimento do cargueiro Casón.



Este suceso tocouse moi de cerca e chamoume moito a atención dende o primeiro momento pola súa relación coa química, a miña especialidade. Coñecín a reacción que tivo lugar no mar, o porqué do incendio, e moitas cousas relativas a aspectos “científicos” do accidente. E logo, souben máis polo libro de Pepe Carballude, S.O.S., que lin con moitas expectativas. Non me defraudou. Xa lera outras novelas do mesmo autor e esta nova

lectura tiña o seu selo. Aborda un aspecto que ata ese momento pasara desapercibido para min, envolta como estaba nas cousas da ciencia, falaba da xente, de como se sentiu fronte a traxedia, e do amor, dun amor novo. Non podía ser doutra maneira. Disfrutei moito desta lectura.

**Elena.**

# LEMBRANZAS ESCULPIDAS

"En tempos de crise, só quedan os recordos." (M. Quiroga, violinista e pintor)

## *Xograres dun tempo novo*, de Pepe Carballude.

A protagonista desta novela, Francisca Porta, confinada nunha residencia pola súa enfermidade, experimentará unha crise existencial no aniversario da súa voda. As lembranzas de vivencias persoais con Agustín Llaneza, o seu amor, lévanos de volta a un tempo histórico -A Segunda República- que será a estrutura ou o cercha desta narración.

A obra está deseñada de xeito que, ao lector afastado destes eventos, lle dá a posibilidade de moverse polo mundo rural galego e achegarse ao colectivo artístico "Os Novos" que guiará o nivel cultural republicano, con algúns deles membros das Misións Pedagóxicas.

Xogando coa palabra "Xograres" do título, podemos establecer unha correspondencia desta novela cunha construción medieval, como unha igrexa románica pola súa énfase no adoutramento.

Imos por partes:

-Temos unha estrutura: as experiencias profesionais, familiares, amables e persoais de Francisca e Agustín como integrantes da Misión Pedagóxica, distribuídas en XV capítulos a modo de piares.

-Estes piares rematan en capiteis historiados onde a memoria de Francisca vincula anécdotas do entorno con figuras relevantes coetáneas: Ligrís, Dieste, Mazas ... ou versos de Rosalía.

-O tempo, os piares van unidos por arcos semicirculares, do mesmo xeito, aquí cada capítulo comeza cunha pequena introdución e segue virando a cimbra con dovelas esculpidas, con figuriñas de momentos memorables da mestra, como a voda no monte Pindo ou a morte da súa avoa.

-Conclúe cada arco ou capítulo cunha despedida: "Non te entreteño máis cariño, abur y mañana seguiremos" dando desta forma entrada ao seguinte episodio. Así a estrutura novelesca adquire unha arquitectura trabada e sólida.

-Horror vacui, importante na Idade Media. Hai que encher todo con iconografía, é dicir, contar o máximo posible. A nosa protagonista, semella que a súa memoria non acaba, "a memoria inmorrente".

Da mesma sorte que nas igrexas románicas todo serve para ilustrar, xemas, capiteis, tímpanos, portas ... onde reflectir o celestial e o infernal, igualmente, Carballude describe os horrores do inferno ao denunciar a tortura e a dor do "paseo". Neste contexto, reflexiona inserindo preguntas retóricas sobre o absurdo dunha guerra civil: "¿a sensatez dunha guerra? ¿ Que inimigos? ¿Os que pensaban diferente? ...

-A típica decoración xeométrica, ou de axadrezado medievais, será o pensamento reiterativo de morriña e tristura que ten a enferma polos tempos pasados, de lugares como Malpica, Buño, Carnota, Turón, o mar bravo da Costa da Morte ou o cheiro indeleble da marusía.

-E por descontado, a porta co tímpano destinada ao parlamento principal de ensinar ó neófito. Aquí a nosa mestra celebra, desde unha suxestiva perspectiva o aniversario da voda, porque el "o seu amor" segue vivo, el "só morre o corpo, a alma no", cun flashback dentro do marco progresista do ensino das Misións Pedagóxicas, que ámbolos dous entendían como o seu modo de vida.

Todo este pensamento e forma de sentir son como densas pedras unidas "a óso" con grampas de ferro, un exemplo témolo en Matías, o asturiano, amigo e compañeiro de conversas na residencia, ao que faltan dúas falanxes do dedo índice, dato co sitúa no "paseo" de Agustín, pechando o círculo da trama do retrato.

No meu caso, coa lectura de "Xograres dun tempo novo", viñeron á miña memoria, anécdotas contadas polos meus pais ao inicio do seu labor no maxisterio, naquela época. Lembrei as conversas paternas que valoraban o primeiro momento da República como bo e avanzado no ensino e de valoración do mestre cun aumento considerable do salario

Con ledicia, lembrei persoas ilustres dese momento sobre as que traballei para a tese de licenciatura, como Manuel Quiroga Losada, violinista e pintor pontevedrés ou o famoso pedagogo e historiador da arte, Bartolomé Cosío, referencia para o estudo de El Greco.

**Leonor.**

**E si, O 17 de marzo de 2021  
por fin fixemos a reunión co autor.**

